

ALIZZA LANZA A SÚA MENSAXE MÁIS OPTIMISTA EN FLORECER, O SEU NOVO SINXELO

ESTE SEGUNDO TEMA DA SÚA NOVA ETAPA MUSICAL BUSCA APRENDER A VER A
VIDA DUNHA MANEIRA DIFERENTE



[Visualiza o videoclip aquí](#)

Bueu, 30 de outubro de 2025. Tras a publicación de *Candles*, **Alizza** volve sorprenden co **segundo adianto** da súa nova etapa, *Florecer*, un canto **optimista** á superación de malas épocas e á aprendizaxe de ver a vida con outros ollos menos pesimistas. Cun estilo **pop-rock** e un retrouso pegadizo, a cantante madrileña sorprende ao estrear a súa **primeira canción en castelán**, afondando en **sons alegres e luminosos** que contrastan cos tons melancólicos que marcaron as súas anteriores cancións. Este lanzamento coincide co anuncio do **concerto de presentación** da súa nova etapa musical, que terá lugar o próximo **sábado 31 de xaneiro de 2026** na **Sala Siroco** de **Madrid**, como parte do **festival Inverfest**. As **entradas** están xa dispoñibles en <https://inverfest.com/events/alizza/>.



Florecer é o resultado de varias cancións compostas pola propia Alizza que converxen nun sinxelo que xa se pode gozar en todas as plataformas. Unindo os retais de varias ideas foi collendo forma un tema que narra un momento vital concreto da artista. Nel, comprende que tiña que aprender a gozar da vida, canalizando as cousas boas para aprender a restarlle importancia ás malas.

Este novo sinxelo sae acompañado dun **videoclip** que trata de reflexar o optimismo que transmite a canción. **Gravado en Coslada**, esta peza audiovisual está **realizada por Rare Audiovisual** e **dirixida por Omar Romero**, autores tamén do **videoclip de Candles**. Nela, pódense ver escenas dunha nena que representa a versión máis nova de Alizza, así como o cumprimento de pequenas cousas que paso a paso lle fan feliz, con especial énfase no seu soño de poder cantar e facer cancións.



MÁIS SOBRE ALIZZA

Fusionando sons do pop alternativo e R&B contemporáneo xorde a figura de Alizza, unha das voces emerxentes máis prometedoras da escena. Con sensibilidades introspectivas, a artista

madrileña constrúe atmosferas envolventes que se complementan con letras intimistas para servir de voz ás novas xeracións. Irrompendo con forza no panorama, Alizza faise oco con producións modernas e traballadas que se afastan do establecido con personalidade.

Tras os seus primeiros sinxelos publicados, nos que traballou man a man na produción dos temas xunto ao seu pai, Pulpul, cantante da banda Ska-P, a artista está a traballar nos seus seguintes traballos, buscando que a personalidade e calidade das súas producións siga afianzando a súa condición como un dos grandes talentos da escena emerxente estatal.

[Accede ao PressKit de Alizza aquí](#)

Management: Andrés Lamosa
andres@playplan.es | +34 696 874 392

Comunicación: PlayPlan
comunicacion@playplan.es | +34 986 903 509
www.playplan.es

